

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILIGÜE CHANO PIÑEIRO
CURSO: 1º EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DATA: 13-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.Clave
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB1.6.1. Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
<ul style="list-style-type: none"> B2.1. Comprender a información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB2.1.2. Comprende informacións concretas en textos sinxelos, propios de situacións cotiás, como invitacións, felicitacións, notas e avisos ou mensaxes curtas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola, respectando as convencións elementais da escrita. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.3. Usa o punto nos seus escritos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL
	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.1.4. Interésase por aplicar as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CSC CCEC
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Interesarse pola presentación dos traballos escritos e valorar a lingua escrita como medio de comunicación e de expresión creativa. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB3.6.1. Interésase pola presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: disposición no papel, limpeza e calidade caligráfica. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CD CAA
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.1. Sinala a denominación dos textos traballados e recoñece nestes, de forma xeral, palabras e sílabas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.3. Identifica os nomes propios a partir de palabras dadas, frases ou textos. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA
	<ul style="list-style-type: none"> LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	C.Clave
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Recrear e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.1.1. Recrea e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios: breves contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA ▪ CCEC
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CCEC ▪ CD

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <p>Na terceira avaliación, para valorar ao alumnado baséanse os procedementos na observación e revisión das tarefas entregadas mediante a Aula Virtual ou enderezo electrónico, é dicir, as distintas producións do alumnado.</p> <p>Neste sentido, nas tarefas escritas obsérvase a adecuación ao que se pide na tarefa, os signos de puntuación e maiúsculas e as propias autocorreccións cando se indica. Ademais, tense sempre en conta as adaptacións que sexan necesarias segundo as dificultades e necesidades do alumnado.</p> <p>Tamén revísanse as propostas orais valorando a riqueza de expresión, a adecuación a tarefa, a presentación dos propios rapaces e rapazas e da súa propia actividade.</p>
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <p>Empréganse as escalas de estimación do nivel de consecución das distintas destrezas das actividades propostas e o portfolio, onde se recollen todas as propostas valorando se entrega ou non ditas propostas e a calidade e coidado na súa realización.</p>
Cualificación final	<p>No cálculo da cualificación final que se establecerá na avaliación ordinaria de cada área, teremos en conta a media aritmética dos dous primeiros trimestres e o traballo desenvolvido polo alumnado neste 3º trimestre referido aos criterios e estándares de avaliación imprescindibles para o reforzo, continuidade do proceso educativo e consolidación dos dous primeiros trimestres do curso, reflectidos neste documento de adaptación e que, no caso destes últimos, solo poderán ter valor positivo para a</p>

cualificación do alumnado.

Cálculo da nota ordinaria:

1. Se un alumno ou alumna obtivo unha nota superior ao 5 nas dúas avaliacións anteriores e entrega as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas anteriores. Segundo a avaliación do traballo realizado pode aumentar, en ningún caso diminuíla.
2. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, non será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores, senón que pode aumentar tendo en conta que as actividades no terceiro trimestre son de reforzo e recuperación.
3. No caso de que un alumno ou alumna non acadara o 5 nalgunha das avaliacións anteriores e non entregue as tarefas programadas telematicamente ou impresas e non participe nas videoconferencias, a súa nota na avaliación ordinaria, será a media aritmética das dúas avaliacións anteriores.
4. Se un alumno ou alumna ten suspensas as dúas avaliacións dunha área e non participa en videoconferencias nin aporta tarefas telematicamente ou impresas para mellorar os seus resultados e competencias, sendo informada a familia da falta de traballo na área, non acadará unha valoración positiva. O mestre ou mestra da área recollerá evidencias de ter informado á familia da situación.
5. No informe individualizado do alumnado, que se remitirá ao finalizar o curso debe quedar recollido, de cara ao seguinte curso escolar 2020-2021, o traballo realizado polo alumno ou alumna no terceiro trimestre e os atrasos producidos detallando aquelas aprendizaxes imprescindibles non adquiridas.

Tamén debe quedar reflectido nas observacións do boletín de notas da avaliación ordinaria, cumprimentando este apartado en Xade.

Será o equipo docente, na sesión de avaliación do grupo, o que decidirá a promoción do alumnado tendo en conta o nivel acadado nos criterios de promoción de nivel dados e as competencias clave, non dependendo da cantidade de áreas suspensas.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades que se están a desenvolver no terceiro trimestres son de repaso, recuperación e reforzo do desenvolvido durante os dous trimestres anteriores.</p> <p>Realízanse tarefas de comprensión de diferentes tipoloxías de textos orais e escritos, comprensión de documentos audiovisuais, expresión oral, expresión escrita e mellora da ortografía. Tamén están relacionadas con aspectos de vocabulario e gramática xa dados nos dous trimestres anteriores como nome, xénero e número...</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>En canto a metodoloxía que se está a desenvolver, baséase no emprego da Aula Virtual como medio de comunicación das tarefas e entrega das mesmas coa maioría do alumnado, excepto nalgúns casos (con problemas de conectividade) que se fai vía enderezo electrónico.</p> <p>Todos os luns comunícase a todas as familias mediante a aplicación Abalar que xa están activas as tarefas desa semana e que teñen ata o domingo para realizalas e entregalas. Emprégase Abalar, as mensaxes privadas da Aula Virtual e mais os foros semanais de dúbidas para todo aquilo que poida xurdir. Nalgúns casos tamén contan co enderezo electrónico das docentes.</p> <p>As tarefas divídense por carpetas segundo a materia contando cunha explicación do que se ten que facer e, nalgúns casos, con vídeos explicativos acompañando a tarefa.</p> <p>Tamén se pon cada semana un enlace de Symbaloo onde teñen dispoñibles varios xogos interactivos relacionados cos contidos traballados. A maiores, ponse á súa disposicións tarefas de ampliación e libros dixitais.</p>

	<p>A corrección das tarefas faise vía Aula virtual con comentarios personalizados e individualizados de ánimo ao alumnado, felicitándoos pola tarefa ou con correccións para mellorar nesas tarefas e nas seguintes. Tense sempre en conta a atención á diversidade do alumnado e aos distintos ritmos e estilos, facilitando e flexibilizando cando é preciso.</p> <p>A forma de proceder implica un grande esforzo da familia, pois os rapaces de primeiro aínda non teñen a competencia dixital e coñecemento para desenvolverse nunha Aula Virtual.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Aula Virtual - Symbaloo - Fichas de actividades que se poden imprimir ou realizar nunha folla ou caderno - Libro de texto do segundo trimestre que serve de repaso - Contos diversos para lecturas - Materiais audiovisuais

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	<p>A información e comunicación proporcionada para a familia lévase a cabo a través destas catro formas:</p> <ul style="list-style-type: none">- Abalar Móbil: todos o luns infórmase ao grupo cando xa están dispoñibles todas as tarefas e teñen este medio tamén para preguntar as dúbidas que poidan ter.- Enderezo electrónico corporativo para aquelas familias que comunicaron dificultades ou problemas de conexión.- Mensaxes privadas da propia Aula Virtual: resolvendo dúbidas, problemas ou diversas cuestións das familias.- Foros da Aula Virtual para resolver dúbidas das actividades. <p>A comunicación co alumnado fundamentalmente baséase na corrección en cada unha das tarefas. Pediuse ás familias que era importante que lles fixeran chegar estes comentarios ao alumnado para que saiban que continuamos o seu proceso e estamos vendo os seus avances.</p>
Publicidade	<ul style="list-style-type: none">- Publicación na páxina web do centro.- Informaremos ás familias por Abalar Móbil.- Aquelas que non dispoñan de Abalar Móbil enviaráselle unha carta por correo ordinario ou correo electrónico, indicándolle a onde se poden dirixir para atopar a documentación.